



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 14 DE MARZO DE 2024

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día catorce de marzo de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde en funcións, don Juan González Leiros (Resolución da Alcaldía núm. 268/2024, do 7 de marzo), e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 14 de marzo de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202403141000040000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR ÓSCAR ALFONSO GARCÍA PATIÑO AOS CARGOS DE ALCALDE E CONCELEIRO DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 00:00:42 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do alcalde en funcións, de data 11 de marzo de 2024 (CVD: ItUnL6jGXsaD2eDZEVYe), que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o escrito presentado por Óscar Alfonso García Patiño en data 7 de marzo de 2024 (entrada 20240000001270) no que expón:

«(.../...) EXPOSICIÓN

Tendo en conta que no día de hoxe, 7 de marzo de 2024, fixen pública a miña decisión de cesar do posto de Alcalde do Concello de Cambre que veño ostentando dende a miña designación.

Tendo en conta que, con data 6 de outubro de 2023 solicitei suspender o pago das miñas nóminas en solidariedade cos afectados pola situación que está a sufrir Cambre

SOLICITUDE

Se proceda a facer os trámites oportunos para que dende o minuto un do 8 de marzo de 2024, sexa efectivo o meu cese como alcalde así como o das persoas que están a ocupar os postos de asesores de este goberno.

Tendo en conta o meu cese, solicito se proceda ao abono das nóminas aprazadas dende o mes de outubro de 2023.»

Visto o escrito presentado por Óscar Alfonso García Patiño en data 7 de marzo de 2024 (entrada 202499900001446) no que expón:

«(.../...) EXPOSICIÓN

Visto que a data 07/03/2024 rexistrei a comunicación de cese como alcalde de Cambre, e que a mesma presentaba certos erros de forma

SOLICITUDE

Que en base aos principios da Lei 39/2015 do Procedemento Común das Administracións Públicas, se desatenda a solicitude anteriormente rexistrada, e se proceda a facer os trámites oportunos para que dende o venres día 8/03/2024, se faga efectivo o meu cese como alcalde e concelleiro do Concello de Cambre, procedendo ao abono das nóminas aprazadas dende o mes de outubro de 2023.»

Considerando o disposto no artigo 223.4ª da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, segundo o cal:

“Quien ostente la condición de miembro de una Corporación Local perderá su condición de tal por las siguientes causas:

(.../...)

4ª Por renuncia, que se hará efectiva por escrito ante el Pleno de la Corporación.”

Considerando que a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral dispón no seu artigo 182 que no caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, o escano atribuírase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo á súa orde de colocación.

Considerando que o artigo 19.1 da citada Lei orgánica no seu apartado 1) dispón que, entre outras competencias, corresponde á Xunta Electoral Central expedir as credencias aos/ás concelleiros/as no caso de renuncia, unha vez rematado o mandato das xuntas electorais provinciais ou de zona.

Por todo isto, **PROPONSE:**

Primeiro.- Tomar coñecemento dos escritos de renuncia presentados por Óscar Alfonso García Patiño aos cargos de alcalde e concelleiro do Concello de Cambre.

Segundo.- Comunicar esta circunstancia á Xunta Electoral Central, propoñendo que expida credencia a prol de María Yolanda Díaz Baldomir, membro integrante da candidatura de Unión por Cambre presentada nas eleccións celebradas o 28 de maio de 2023 co número 8, ou no caso de renuncia dela ou dalgún do/s candidato/s seguintes da lista, a quen corresponda atendendo á súa orde de colocación.”

Cando son as once horas e catro minutos o Sr. presidente intervéen e manifesta, logo dunha exposición, que ao tratarse dunha toma de coñecemento entende que sen máis asuntos deben dar por concluída a sesión.

Intervén a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, e o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, quen solicita un receso en virtude do disposto no artigo 103.3 do Regulamento orgánico municipal, e o Sr. presidente accede a interromper a sesión co fin de permitir a deliberación entre os voceiros dos grupos municipais.

Cando son as once horas e once minutos suspéndese a sesión, que se reanuda cando son as once horas e trinta e catro minutos.

Aberta a quenda de intervencións, interveñen os/a voceiros/a do grupo municipal do PP, Sra. Piñeiro Fernández; do grupo municipal do BNG, Sr. Carballada Rodríguez; do grupo municipal de AV, Sr. Varela Fraguío; do grupo municipal de UxC, Sr. Mallo Castro; e do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do alcalde en funcións de data 11 de marzo de 2024 (CVD: ItUnL6jGXsaD2eDZEVYe), que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta del Alcalde en funcións, anteriormente transcrita.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

O presidente

*(Asinada dixitalmente nesta data
polo concelleiro que actuou como
alcalde en funcións na sesión)*

Juan González Leirós

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo